

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020295	IES Mestre Landín	Marín	2024/2025

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	5
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	6
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	7
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	7
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	7
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	9
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	9
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	10
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	11
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	11
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	12
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	12
o) Outros apartados	12

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

De conformidade co artigo 6.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación da educación secundaria obrigatoria constitúe o currículo desta etapa.

Os obxectivos da etapa son os logros que se espera que o alumnado alcance ao finalizar a mesma e cuxa consecución está vinculada á adquisición das competencias clave.

Segundo o DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia os obxectivos de etapa contribuirán a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

1. Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
2. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
3. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
4. Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
5. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.
6. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
7. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
8. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
9. Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
10. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
11. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

12. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente aos animais, e ó ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

13. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

14. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.

15. Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

Segundo o DECRETO 156/2022, as competencias clave son desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo. Evidéncianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios desta etapa educativa.

Garantir unha formación adecuada pasa por proporcionar unha formación integral, que se centre no desenvolvemento das competencias, e que sexa, por unha parte equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias e á tecnoloxía e á actividade física e, por outra, na medida en que avanza a escolaridade, que poida ir proporcionando a formación básica imprescindible para seguir formándose.

Así, en cada unha das programacións das diferentes materias, indícase no apartado segundo, a contribución de cada unha destas materias á adquisición das competencias clave.

As competencias clave da etapa, para os efectos deste decreto, son as seguintes:

1. Competencia en comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia plurilingüe (CP).
3. Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
4. Competencia dixital (CD).
5. Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
6. Competencia cidadá (CC).
7. Competencia emprendedora (CE).
8. Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

As competencias clave da etapa, así como os descritores operativos do seu grao de adquisición que estea previsto ao finalizar a etapa, interpretaranse de acordo coas definicións contida no anexo I do devandito Decreto.

Co obxecto de fomentar a integración das competencias clave, o noso centro realizará proxectos significativos e relevantes para o alumnado e resolucións colaborativas de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Para favorecer unha adquisición eficaz das competencias clave deseñaranse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, dende todas as materias traballarase un tempo de lectura para lograr o máximo desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato.

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa na avaliación serán os criterios de avaliación.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

O artigo 18 do Decreto 156/2022, de 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establece os elementos transversais do currículo que deberán ser traballados en todas as materias ao longo da escolarización do alumnado

A educación en valores forma parte da educación integral do alumnado e é esencial para o desenvolvemento da súa personalidade. Os valores reflicten o tipo de sociedade que queremos construír.. Nas programacións didácticas dos diferentes departamentos establecerase a concreción do tratamento dos elementos transversais que forma parte da cultura predominante no noso centro educativo, os valores que compartimos todos os membros e nos conducen a priorizar nos esforzos e accións que levamos a cabo.

O centro empregará as actividades complementarias como eixe vertebrador dos elementos transversais a desenvolver ao longo da etapa.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

Así mesmo fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais., promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

Así mesmo, empregaranse unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

Empregaranse ademais as actividades que van marcadas polo calendario de conmemoracións establecidas na ORDE do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25:

- 20 de novembro de 2024: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2024: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Semana do 6 de decembro de 2024: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2024: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2024: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2025: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2025: Día Escolar da non Violencia e da Paz
- 23 de febreiro de 2025: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2025: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2025: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- A segunda semana de marzo de 2025: Semana da Prensa.
- 1 de abril de 2025: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2025: Día Mundial da Saúde.
- A semana do 23 de abril de 2025: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2025: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2025: Día de Europa.
- A semana do 17 de maio de 2025: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2025: Día Mundial do Ambiente.
- No mes de xuño a conmemoración para favorecer a visibilidade e integrar de forma

transversal a diversidade afectivo-sexual. O espazo seguro LGTBIQ+ formado por profesorado e alumnado reunírase os mércores no 1º recreo na biblioteca.

Na práctica diaria na aula trataranse aqueles contidos transversais que teñen relación cos contidos da materia específica que nese momento se imparte, integrándoos de xeito que leve ao alumnado a unha reflexión e actitude positiva respecto a eles. En cada departamento verase o momento idóneo nas diferentes UD para incorporar estes temas.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

As concrecións sobre a metodoloxía do noso centro parten do principio básico de atención á diversidade do alumnado. Este axioma obrigará a establecer unha variedade de estratexias docentes e dotadas de recursos persoais e materiais.

Como centro temos que atender e buscar unha liña de traballo baseada na coordinación cos centros de primaria así como nas recomendacións por parte da administración educativa.

Neste documento definimos as concrecións xerais que nos definen como centro e que marcan o noso plan educativo e que vén renovado por cada promoción de alumnado.

A metodoloxía didáctica nesta etapa será activa e participativa, favorecendo o traballo individual e cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.

No proxecto educativo e nas programacións didácticas fixaranse as estratexias que desenvolverá o profesorado para alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliábeis previstos en cada materia e, de ser o caso, en cada ámbito, así como a adquisición das competencias.

A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e máis unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias.

Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicarase un tempo á lectura na práctica docente de todas as materias.

Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as

metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.

O centro impartirá de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa (castelán, galego, inglés e francés), coa fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe.

No proxecto lingüístico do centro concréntanse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares en cada materia lingüística, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

Estableceranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas na ensinanza e avaliación da lingua estranxeira para o alumnado NEAE. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Cada grupo contará cunha aula de referencia, e fará uso das aulas específicas segundo o horario establecido pola xefatura de estudos e/ou o departamento encargado da devandita aula.

As aulas específicas contan cun kit dixital composto por videoproxector, pizarra dixital e ordenador conectado a fibra óptica de alta velocidade.

O centro forma parte da estratexia ABALAR desde o 2010 e foi un dos primeiros centros de secundaria en acceder ao programa EDIXGAL no curso 2015/16. Isto convértenos nunha referencia na implantación das TIC como ferramenta vehicular para o desenvolvemento das competencias.

Todo o alumnado conta cun ordenador persoal que debe custodiar ata o remate da etapa. A responsabilidade dos danos por mala praxis correrá a cargo dos responsables do alumnado, quedando á decisión da dirección a posibilidade de reducir o importe do custo a cargo do orzamento do centro.

A liña metodolóxica do centro marca que o libro de texto é un apoio ao proceso de aprendizaxe, non o eixe vertebrador do mesmo. Por este motivo o centro busca diversificar as ferramentas e recursos educativos que permitan unha maior motivación do alumnado importe do custo a cargo do orzamento do centro.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

Tendo en conta que os centros docentes dispoñemos de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión, no marco da lexislación vixente e nos termos recollidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, e nas normas que a desenvolven, usarase esa autonomía para organizar a oferta educativa das materias de maneira flexible seguindo un criterio pedagóxico.

Despois das decisións adoptadas e validadas no claustro, así como tendo en conta as solicitudes do alumnado no momento da matrícula, as materias e itinerarios do presente curso son os seguintes:

No artigo 9 do Decreto 156/2022 establécense as materias que debe cursar o alumnado en 1.º de ESO. As 2 horas de libre disposición do centro neste nivel son adicadas á docencia de 1 hora máis de Matemáticas e 1 hora máis de Lingua Galega e Literatura. En 2.º ESO adícaranse estas horas a Matemáticas e Lingua Castelá e Literatura

En cuarto curso, ofertaranse as dúas opcións: ensinanzas académicas e ensinanzas aplicadas. Este curso continúa o programa de diversificación curricular en 4.º ESO.

As seccións bilingües estarán supeditadas á organización de horarios co cupo de docentes concedido. Iniciado no centro no curso 2014/15, este ano será nos cursos de 1.º, 2.º e 4.º ESO, en Tecnoloxía e Dixitalización e en Educación Dixital. A intención é seguir avanzando nesta liña e chegar a todos os niveis para converternos nun centro plurilingüe. Recóllense igualmente as materias que debe cursar o alumnado en 3.º da ESO. Dentro das materias optativas, neste curso ofertáronse as materias de: Cultura Clásica, Educación Dixital, 2.ª Lingua Estranxeira (Francés e) e Oratoria.

En 4.º ESO ofértanse os catro itinerarios:

Itinerario 1: Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía e Tecnoloxía.

Itinerario 2: Latín, Economía e Emprendemento e Música.

Itinerario 3: Música, Expresión Artística e Formación e orientación persoal e profesional (FOPP).

Itinerario 4: Tecnoloxía, FOPP e Economía e Emprendemento.

As optativas son: 2ª Lingua Estranxeira: Francés, Dixitalización e Cultura Clásica.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes.

Teñen carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar, se realizan fóra de horario lectivo e nas que a participación é voluntaria.

As actividades complementarias e extraescolares desempeñan unha función fundamental na formación integral do alumnado e noso centro. Por ese motivo cada departamento marca na súa programación os criterios para seleccionar, organizar e avaliar as actividades.

Os seguintes artigos definen a organización das actividades complementarias e extraescolares Artigo 1. Programación de actividades

No mes de setembro os departamentos presentarán a programación de actividades complementarias e

extraescolares, para someter a súa aprobación polo Consello Escolar e a súa inclusión na Programación Xeral Anual. A Xefatura de Estudos coordinará todas as actividades programadas polos Departamentos co fin do seu mellor aproveitamento.

Artigo 2. Saídas

Sempre que estea prevista algunha saída do centro dun grupo de alumnos/as, remitirase á Inspección Educativa a relación deles, que contarán coa autorización do pai, nai ou titor/a legal, e a relación de profesorado acompañante. Así mesmo, estas actividades expoñeranse na sala de profesorado con suficiente antelación.

Preferentemente, deberán acudir ás actividades aqueles profesores/as do departamento que as organizan, tendo en conta que a ratio está en 20 alumnos por profesor/a acompañante.

Artigo 3.

O alumnado que non asista a unha actividade complementaria ou extraescolar fóra do centro ten a obriga de asistir ao mesmo.

Artigo 4.

Todo o profesorado que imparta clase nos grupos que participen nunha actividade complementaria ou extraescolar deberán permanecer no centro durante o seu horario lectivo.

Artigo 5. Condicións para a realización de viaxes de estudos e culturais

As condicións esixibles para a realización de viaxes de estudos e culturais serán:

O número total de participantes entre todas as viaxes que se realicen simultaneamente nun curso terá que ser como mínimo do 75% do alumnado dese curso, independentemente do número de participantes por grupo. (No cómputo do alumnado total do curso sobre o que se calculará a porcentaxe non se terán en conta aqueles alumnos/as que repetindo curso teñan xa realizada a viaxe).

Que polo menos un Departamento Didáctico avale a saída, entendendo por avala a consideración da utilidade da mesma para fins educativos xerais ou específicos das materias que imparte ese Departamento, con especificación concreta de actividades realizables, ou a existencia dun grupo de profesorado que a avale e elabore un proxecto previo que presentará á Xefatura de Estudos.

A dispoñibilidade de, polo menos, un profesor ou profesora por cada 20 alumnos/as. Visto e prace dalgún membro do Equipo Directivo ao orzamento da actividade.

O profesor do departamento encargado elaborará un informe facilitado polo departamento de actividades complementarias solicitando a saída. Este será completado cunha valoración do mesmo unha vez finalizado.

Artigo 6. Criterios para a participación

A participación do alumnado en calquera das saídas organizadas polo Instituto realizarase aplicando os criterios seguintes:

Que a Dirección non tivese expresamente prohibido a súa participación debido a falta grave cometida no curso ou actitude negativa en anteriores actividades.

Así mesmo a reiteración dun comportamento inadecuado dun alumno/a pode xerar por parte da Xefatura de Estudos a privación do dereito a participar nas actividades complementarias e extraescolares, previa xustificación da mesma exclusión baseada en informes escritos de titores/as e profesores/as.

Consentimento expreso do pai, nai ou titor legal, que deberá ser entregado no prazo indicado na secretaría do centro. Ter efectuado os pagamentos correspondentes. En casos especialmente xustificados o alumno/a poderá recibir unha bolsa de axuda coa colaboración da ANPA. Nas solicitudes onde se precise unha aportación económica, indicarse a posibilidade de acudir a este fondo.

Aquel alumnado que polas súas circunstancias especiais requira dun coidado especial, poderá ir ás saídas sempre que vaian acompañados dalgunha persoa responsable dos mesmos designada pola súa familia.

Artigo 7. Profesorado acompañante

No caso de haber para unha actividade máis profesorado dispoñible que o necesario, a selección farase de acordo cos seguintes criterios segundo esta orde:

Que a profesora ou profesor dea clase no curso implicado.

Pertenza do docente a un dos Departamentos que avala a actividade ou ao grupo que avale a mesma. Que o profesorado acompañante sexa de diferentes sexos.

Non ter realizado outra actividade no mesmo curso académico, agás necesidades organizativas.

Ter experiencia na organización das mesmas, sen superar por isto o número de dous por saída, de xeito que poida participar profesorado novo que irá adquirindo experiencia.

De darse igualdade de condicións entre os/as profesores/as procederase a sorteo. Artigo 8. Normativa para as viaxes de estudos

Nas viaxes de estudos seguiranse as seguintes normas:

O alumnado poderá promover e participar en actividades encamiñadas á obtención de recursos para a viaxe, aprobadas pola Dirección do Centro. O feito de que un alumno/a renuncie á viaxe, ou sexa sancionado con non facela, non lle dará dereito ao reintegro de ningunha cantidade de diñeiro.

O alumnado debe seguir en todo momento as indicacións do profesorado acompañante da actividade. A

impuntualidade do/a alumno/a durante a viaxe poderá ser considerada como unha falta de disciplina. Ningún participante poderá ter, mercar ou consumir bebidas alcohólicas de ningún tipo. Igualmente o consumo ou posesión de tabaco ou calquera sustancia ilegal será sancionada polo profesor/a da maneira que considere oportuna, sen que iso o exima das sancións que poidan recaer tanto no país visitante como no centro escolar. Para saídas puntuais, os alumnos/as deberán obter a autorización do profesorado, respectando as normas e os horarios que lles establezan. Observarán en todo momento as normas de aseo e hixiene persoal e coidarán do bo estado das habitacións e aquelas instalacións e medios de transporte que utilicen, procurando sempre colaborar cos compañeiros a ser respectuosos coas persoas e o contorno. Serán responsables dos danos que poidan ocasionar e estarán obrigados a reparalos, individualmente, se pode determinarse o responsable, e colectivamente se fosen varios ou non se puidese determinar o autor. Os alumnos/as deberán indicar ao profesorado se toman algún medicamento ou se teñen algún problema de saúde. Virán provistos de tarxeta sanitaria e das doses necesarias dos medicamentos que precisen. Seguirán as indicacións dos organizadores sobre a equipaxe. Non portarán elementos que puidesen supoñer perigo para si ou para os demais compañeiros/as e faranse cargo das súas pertenzas sen que os organizadores respondan das perdas ou deterioro que se puidesen producir.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Tal como se recolle na ORDEN de 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado, o alumnado que pase de curso con materias sen superar debe seguir un plan de reforzo, destinado á súa recuperación e superación. Os alumnos/as que promociónen ao curso seguinte con materias pendentes de superación de cursos anteriores serán avaliados, sendo responsabilidade de cada departamento coordinar e establecer o sistema de avaliación do alumnado con materias pendentes e de levalo a cabo e facer o seguimento o profesorado que imparte a materia e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. As datas para realizar probas escritas serán coordinadas pola xefatura de estudos. Das materias pendentes farase o seguimento nas sesións de avaliación, facéndose os axustes que procedan, e na avaliación final do curso en que estea matriculado/a o/a alumno/a o profesor da materia decidirá sobre a súa avaliación. Para facilitar ao alumnado a superación das materias pendentes, os Departamentos Didácticos que as impartan proporarlles probas ou actividades parciais e finais de recuperación. Os contidos, a natureza e os criterios de corrección e avaliación das probas parciais e finais formarán parte do plan de traballo que se incorporarán ás correspondentes programacións. Estes plans de reforzo inclúen::

- a) Identificación da alumna ou alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou materias sen superar.
 - c) Currículo a desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
 - d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
 - e) Recursos necesarios.
 - f) Tarefas a realizar, coa debida temporalización.
 - g) Seguimento e avaliación.
 - h) Acreditación da información á familia.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Tal como se recolle na ORDEN de 8 de setembro de 2021 por a que se desenvolve o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso debe seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Na avaliación ordinaria o profesorado do alumnado que non supere positivamente as probas realizará un informe que sentará a base para o plan específico de seguimento deste alumnado. Neste documento indicaranse as necesidades

que levaron a non superar a materia e o profesorado do novo curso marcará as estratexias metodolóxicas que se traballarán con el. Empregarase o modelo aprobado en CCP elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do titor e coa colaboración do departamento de orientación.

O plan específico personalizado inclúe:

1. Identificación da alumna ou alumno.
2. Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición.
3. Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
4. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
5. Recursos necesarios.
6. No seu caso, oferta de medidas extraordinarias.
7. Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaranse os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación se informará sobre o seu desenvolvemento e aproveitamento.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

A Orde do 25 de xaneiro de 2022, actualiza a normativa sobre a avaliación e a promoción na educación secundaria obrigatoria no sistema educativo de Galicia.

A avaliación inicial está establecida no artigo 12 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro. Esta avaliación ten como principais obxectivos adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. Realizarase unha sesión de avaliación inicial fixada pola Xefatura de Estudos para cada curso e grupo na ESO unha vez transcorridas as tres primeiras semanas de clase desde a data de inicio das actividades lectivas.

A sesión de avaliación inicial, realizada baixo a coordinación do profesorado titor, recollerá información achegada por diversas fontes:

- pai/nai/titor(es) legais do alumnado.
- información procedente do curso ou etapa anterior.

A data límite para a realización da sesión de avaliación inicial será o 18 de outubro de 2024, segundo se recolle na Orde do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25.

A avaliación está formada por tres avaliacións parciais e unha final (artigo 7, puntos 7 e 8)

En todas as avaliacións realizarase un seguimento do alumnado con pendentes. Elaborarase un calendario de exames a comezos de curso engadindo un período de recuperación a maiores. Os departamentos concretarán os instrumentos de avaliación e os incluírán nas programacións didácticas.

Para o alumnado con materias suspensas tras a 3.ª avaliación parcial, o equipo docente elaborará un documento compartido, que Xefatura de Estudos porá a disposición do profesorado titor, onde se determinará o que cada alumno ten que recuperar e os instrumentos de avaliación que se empregarán. Este documento terá que estar elaborado previamente á reunión de avaliación.

1ª Avaliación: Semana anterior as vacacións de decembro, entrega de boletíns último día do trimestre.

2ª Avaliación: Semana anterior as vacacións de primavera, entrega de boletíns último día do trimestre.

3ª Avaliación: Día posterior ao remate das actividades lectivas, entrega de boletíns ao día seguinte.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Segundo o artigo 8 da citada Orde, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir (por maioría simple) a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- c) Que o equipo docente estime que ten expectativas favorables de recuperación.
- d) Que o equipo docente estime que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo

en conta os criterios de promoción.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno.

CRITERIOS DE TITULACIÓN

Segundo o artigo 10 da mesma Orde, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados.

O equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
- c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

En caso de empate os criterios de prioridade a ter en conta son: Nota media da etapa.

En caso de producirse un novo empate terase en conta a media das notas obtidas polo/as alumnos/as nas materias comúns de 4º ESO.

E en caso de novo empate farase unha nova nota media coas notas obtidas polos/as alumnos/as en todas as materias de 3º e 4º ESO.

Será a xunta de avaliación a responsable de valorar os/as candidatos/as ás mencións, así como dos/as propostos/as aos premios extraordinarios da ESO ao rendemento e ao esforzo.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Os departamentos didácticos elaborarán, antes do comezo do curso académico e para a súa inclusión na PXA, a programación didáctica das ensinanzas que teñen encomendadas, seguindo as directrices xerais establecidas pola CCP, baixo a coordinación e dirección do Xefe ou Xefa de Departamento.

Para elaborar as programacións debe partirse das seguintes fontes de información:

- . As finalidades educativas do Centro.
- . Proxecto Curricular do Centro.
- . A memoria final do curso anterior.
- . A análise do contexto.
- . Currículo básico prescrito dende a Administración.
- . A experiencia derivada da práctica docente.

A programación didáctica dos departamentos de ESO incluirá necesariamente, os seguintes aspectos para cada unha das áreas e materias e asignadas:

- a. Introducción e contextualización
- b. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.
- c. Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.
- d. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:
Temporalización.
Grao mínimo de consecución para superar a materia.
Procedementos e instrumentos de avaliación.
- e. Concrecións metodolóxicas que require a materia.
- f. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.

- g. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.
- h. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.
- i. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
- j. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
- k. Medidas de atención a diversidade.
- l. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.
- m. Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.
- n. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Os profesores e profesoras programarán a súa actividade docente de acordo coas programacións didácticas dos departamentos aos que pertencen, incluídas no correspondente proxecto curricular de etapa. No caso de que algún profesor ou profesora decida incluír na programación da súa actividade docente algunha variación con respecto á programación conxunta do departamento, esta variación, e a xustificación correspondente, incluírase na programación deste, sempre que así o acorde o departamento ou, en último caso, a comisión de coordinación pedagóxica.

Mediante a elaboración da memoria quedará plasmada:

Valoración xeral do desenvolvemento das programacións didácticas e dos resultados académicos do alumnado.

Valoración xeral das actuacións/actividades desenvolvidas polo departamento.

Proposta de mellora para o seguinte curso.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

A participación en proxectos, plans e programas virá determinada polo interese e necesidade de mellora de calquera sector da comunidade educativa.

Os criterios que se barallan ao respecto son, en primeiro lugar, a conveniencia e pertinencia do proxecto e os beneficios que pode reportar ao centro. Serán os departamentos didácticos do centro, o de orientación, o equipo de biblioteca, de normalización lingüística e/ou o equipo directivo os que proporán a participación nestes proxectos e terá que ser informada a comisión de coordinación pedagóxica das propostas, aprobado en Claustro e Consello Escolar e recollido na programación xeral anual e nas respectivas programacións didácticas.

O noso centro participa nos seguintes proxectos e programas de innovación e calidade educativa:

PLAMBE (Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares). Bibliotecas solidarias

Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP)

E-Dixgal

Seccións Bilingües

Plan Proxecta

Club de lectura

Radio na biblioteca

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Cada Comisión Pedagóxica terá un punto do orde do día que sexa "Seguimento das Programacións. Na primeira e última Comisión Pedagóxica de curso se tratará a revisión dos diferentes puntos que compoñen a Concreción Curricular do centro que será modificada e se elevará a súa aprobación ao Claustro. En cada reunión mensual dos diferentes departamentos haberá un punto do orde do día que sexa "Seguimento das Programacións Didácticas. Nel os departamentos avaliarán as diferentes programacións e transmitirán nas Comisións Pedagóxicas as propostas de revisións de esta.

o) Outros apartados

1. Outros apartados

Cada convocatoria da CCP terá un punto do orde do día que será "Seguimento das Programacións". Na primeira e última reunión de curso tratarase a revisión dos diferentes puntos que compoñen a Concreción Curricular do centro que será modificada e se elevará a súa aprobación ao Claustro.

En cada reunión mensual dos diferentes departamentos haberá un punto do orde do día que sexa "Seguimento das Programacións Didácticas. Nel os departamentos avaliarán as diferentes programacións e transmitirá a CCP as propostas de revisións desta.